

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONVOCATORIA AUTOMÁTICA 1/2024 DO PLENO DO MÉRCORES 17 DE XANEIRO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, ás 12:00 horas do mércores 17 de xaneiro de 2024 ten lugar a sesión Extraordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, do Grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral, asistindo os/as concelleiros/as seguintes:

PSdeG-PSOE

PATRICIA BLANCO FIDALGO

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CRISTINA CASAL DIZ

OSCAR BODELO GOMEZ

MARIA ISABEL LOPEZ PEREZ

Alternativa dos Veciños

SUSANA GUIMAREY GARCIA

FRANCISCO BELLO HERMIDA


MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

INMACULADA MANTIÑAN INSUA

ROCIO RABUÑAL BOUZAS

NATALIA PATIÑO CAÑAS

Foron asistidos pola interventora municipal, NOEMÍ GONZÁLEZ MATO, e pola secretaria xeral, REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ORDE DO DÍA:


.UNICO.- Analise da situación actual dos servizos sociais do Concello de Carral en relación os distintos programas de atención os veciños e o seu cumprimento en base a Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dar comezo á celebración do Pleno Extraordinario solicitado por unha cuarta parte do número legal de membros da corporación en escrito de entrada de 2911, de data 11-12-2023 asinado polos conselleiros/as do grupo municipal do PP para tratar un único punto “análise a situación actual dos Servizos Sociais do Concello de Carral en relación aos distintos programas de atención aos veciños e o seu cumprimento en base á Lei 13-2008 de 3 de Decembro de Servizos Sociais de Galicia”.

Continua o Sr. Alcalde facendo un resumo da programación que se está realizando nos Servizos Sociais por parte dos técnicos correspondentes. Indica o Sr. Alcalde que, en canto ao programa de valoración, información e asesoramento o programa de información, valoración e orientación actúa como o primeiro contacto entre a poboación e o sistema público dos Servizos Sociais e como acceso único aos diversos recursos do sistema configurándose como entrada fundamental aos Servizos Sociais onde conflúen as demandas personais, familiares e de colectivos e, polo tanto, onde se valoran as situacións de necesidade e os problemas sociais.

Manifesta o Sr. Alcalde que dende ese programa pódese cuantificar a poboación que é usuaria dos Servizos Sociais. Indica o Sr. Alcalde que dito programa non se dirixe a ningún sector específico atendendo a toda a cidadanía do municipio nas súas demandas. Continua o Sr. Alcalde dicindo que as funcións con carácter xeral son as seguintes: atender a demanda social, demandas de persoas usuarias, número de persoas usuarias as que adica atención durante o ano 2023, persoas individuais que son aproximadamente unas 1.586, datos que se extraen da xustificación e avaliación do proxecto anual de Servizos Municipais número de expedientes de familias 1.352 cos que se traballou durante todo o ano

Continua o Sr. Alcalde falando do Programa de Axuda non Fogar. O Servizo de Axuda non Fogar do Concello do Carral fundamenta a súa existencia no compromiso de dar cobertura ás necesidades de atención



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

daquelas persoas, grupos familiares dependentes ou en risco de dependencias, persoas maiores de idade, persoas con discapacidade, menores, etc. Indica o Sr. Alcalde que os obxectivos principais do servizo son mellorar a calidade de vida, previr e compensar a perda da independencia e autonomía prestada, colaborar coas familias, posibilitar a integración no medio convivencial, previr e evitar o intercambio innecesario, favorecer a integración das persoas dependentes e servir como elemento de detección e situación de necesidade que pode requirir a intervención de outros servizos.

Manifesta o Sr. Alcalde que prestación de dito servizo está encomendada á empresa A0 Maiores SL coa que, o concello, firmou unha prórroga voluntaria do contrato no mes de novembro de 2023. Indica o Sr. Alcalde que en función aos servizos que presta en cada fogar a persoa beneficiada pode ser única ou extenderse a algúns ou todos os membros dunha mesma familia, polo que o número de persoas beneficiadas sempre é superior ao número de fogares atendidos. Continua o Sr. Alcalde indicando que durante o ano de 2023 atenderon 65 persoas de forma directa, 62 persoas por a vía de dependencia e 53 persoas por a vía de libre concorrència. Indica o Sr. Alcalde que na actualidade están sendo beneficiadas 30 persoas na modalidade de libre concorrència e 41 persoas na modalidade de dependencia.

Manifesta o Sr. Alcalde que os tipos de actuación se levan a cabo de acordo coas necesidades detectadas para cada persoa solicitante que poden ser de apoio persoal, de apoio doméstico, de acompañamento, en sesión e actividades e outro apoio familiar. Continua dicindo o Sr. Alcalde que como Servizos complementarios aos programas da axuda no fogar tamén está un servizo de teleasistencia domiciliaria. Indica o Sr. Alcalde que o servizo de teleasistencia domiciliaria está dirixido ás persoas que presentan necesidades de dar cobertura ás necesidades obxectivas de seguridade, ante situacións de risco provocadas por deficiencias, produto da idade ou de algunha discapacidade. Continua o Sr. Alcalde manifestando que na actualidade o Concello de Carral ten un convenio asinado coa Deputación da Coruña, sendo 31 as terminais que están sendo empregadas.

Indica o Sr. Alcalde que o programa de xantar na casa concíbese como un programa de atención a colectivos de persoas maiores e persoas en situación de risco e exclusión social. Continua dicindo o Sr. Alcalde que na actualidade hai 16 prazas cubertas e, é dicir, persoas que se benefician deste servizo, e hai 3 persoas en espera. Indica o Sr. Alcalde que este é un convenio que se fixo coa Xunta e que ten un máximo de 16 prazas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua dicindo o Sr. Alcalde que o Programa de atención á familias/Proxecto de intervención técnica de apoio á familia, infancia e adolescente concíbese como un servizo educativo e psicosocial de prevención intervención e apoio dirixido ás familias e á toda a comunidade que ten como finalidade promover a calidade de vida e o benestar social. Indica os Sr. Alcalde que os obxectivos xerais son ofrecer apoio socioeducativo integral ás familias, fomentar a autonomía e a integración no contorno de todas as familias, promover o recoñecemento social das familias como principais asistentes educadores, promover e finalizar redes comunitarias de apoio e axuda mutua á familia. Continua o Sr. Alcalde dicindo que os obxectivos específicos serán promover a adquisición de competencias e aptitudes, habilidades e capacidades nas familias; reforzar, estimular e potenciar recursos personais, facilitar alternativas, recursos e itinerarios socioeducativos ás familias, facilitar o acceso á toda a información específica para as familias así como aos recursos e servizos da sociedade, promover a corresponsabilidade nas familias, favorecer a integración e participación e a promoción social das familias nos ámbitos familiares, sociais e culturais, promover espazos de contorno e de encontro de pais e nais orientados á formación, prever, detectar e atender as familias, sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade, promover o coñecemento e recoñecemento da diversidade familiar. Manifesta o Sr. Alcalde que durante o ano 2023 interviñéronse 11 familias e 38 menores e adolescentes. Igualmente, indica o Sr. Alcalde que dentro deste programa inclúese a integración socioeducativa grupal. Indica o Sr. Alcalde que neste campo e, con carácter preventivo lévase a cabo nos centros educativos de Carral o proxecto Educando en Valores que ten como obxectivo o desenvolvemento da capacidade crítica ou o fomento de valores como a solidariedade e a igualdade de xénero.

Manifesta o Sr. Alcalde que dende finais do ano 2022 creuse un servizo de psicoloxía de apoio ao programa de intervención familiar. Continua o Sr. Alcalde explicando que este servizo durante o ano 2023 atendeu a 24 persoas, continuando na actualidade. Dito servizo conta con unha psicóloga durante 2 días ao mes, un total de 10 horas mensuais.

Indica o Sr. Alcalde que en canto a medidas de apoio ás familias está Emerxencia social, son s son as axudas económicas de carácter finalista que están destinadas a facilitar unha atención básica, urxente e temporal ante a situación sobrevida de necesidades xurden como produto de problemáticas diversas. Manifesta o Sr. Alcalde que os servizos sociais municipais valoran ás situacións de emerxencia social dentro dun marco de intervención global, non dependendo exclusivamente ás necesidades de índole económico. Indica o Sr. Alcalde que durante o ano 2023, 11 familias foron beneficiadas destas axudas municipais.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua o Sr. Alcalde, explicando o Plan de alimentos y matiza que o concello de Carral participa no plan de axuda alimentaria ás persoas máis necesitadas dende hai máis de dez anos. Indica o Sr. Alcalde que este plan de axuda alimentaria depende do Ministerio de Agricultura e a axuda executase á través do Fondo Español de Garantía Agraria, a FEGA e a Cruz Vermella Española. Manifesta o Sr. Alcalde que se procede á distribución en dúas fases ao longo do ano, permitindo que as persoas desfavorecidas poidan preparar facilmente unha comida completa para unha persoa ou unha familia con varios membros, incluídos nenos. Explica o Sr. Alcalde que os alimentos que se distribúen son arroz, lentellas, leite, macarrón, galletas, xudías verdes, etc. No ano 2023, en Carral, máis de 100 persoas foron beneficiadas desde o programa ao longo das distintas fases de distribución. Indica o Sr. Alcalde que este ano completaron coa listaxe de produtos a cargo do Orzamento Municipal de Emerxencia Social

Manifesta o Sr. Alcalde que o Programa de Terceira Idade, que se está levado á cabo desde hai varios anos, céntrase nas áreas das persoas maiores que se configuran como un colectivo especial vulnerable de exclusión social; indica o Sr. Alcalde que como obxectivos específicos cabe mencionar promover e potenciar o acceso aos mencionados recursos e servizos

Continua explicando o Sr. Alcalde o Programa de Actividades Ocupacionais cuxo obxectivo será, fomentar un envellecemento saudable entre o sector das persoas maiores mediante a promoción das actividades que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas. Manifesta o Sr. Alcalde que como obxectivos específicos cabe mencionar potenciar a realización de exercicio físico, prevención do deterioro ambiental e diminuír o senderismo, tan habitualmente neste colectivo. Indica o Sr. Alcalde que as actividades que se levaron a cabo foron as seguintes: ximnasia de mantemento e rehabilitadora en Tabeaio, o exercicio fíxose para 20 persoas e en Carral para 29; ocio de tempo libre, creáronse zoas para acudir as persoas maiores, por exemplo o baile, realizáronse 4 excursións durante o ano.

Continua o Sr. Alcalde explicando que hai Servizos especializados, hai unha asesoría xurídico-social, servizos especializados no ámbito laboral que se enmarca dentro do plan coordinador de servizos sociais do Consorcio das Mariñas. Indica o Sr. Alcalde que neste servizo as demandas estendidas son dereitos da familia, dereito penal, dereito laboral e dereito civil; o horario de atención é o segundo e o cuarto xoves de cada me. Explica o Sr. Alcalde que se hai algún caso de carácter urxente tamén se presta a atención fora dos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


días establecidos. Remarca o Sr. Alcalde que a asesora xurídica do Consorcio das Mariñas desplázase ao Consello de Carral para atender as citas programadas ese día, tamén, indica o Sr. Alcalde temos un gabinete de inserción laboral, un convenio con Cerceda, actividades de sensibilización de formación, actividades de control e violencia de xénero, así como outros obradoiro formativos como curso de manipulador e alimentos, xornadas de encontro de servizos sociais e comunitarios.

Manifesta o Sr. Alcalde que no mes de outubro do ano 2019, púxose en marcha o programa/servizo de atención temperá, no marco da rede galega de atención temperá e mancomunada, cos concellos de Abegondo, dirixido á poboación infantil entre 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna. Continua o Sr. Alcalde explicando que en canto ao persoal hai que sinalar que este servizo conta con dúas traballadoras sociais, un educador social e dúas auxiliares administrativas.

Sinala o Sr. Alcalde que, en canto ao servizo de servizos sociais durante o ano 2023 o departamento contou cunha terceira traballadora social a través da financiación do POS adicional da excelentísima Deputación da Coruña.

Para rematar o Sr. Alcalde comenta que todo o anterior dito foi a programación que fixeron os servizos sociais. Indica o Sr. Alcalde que teñen que dar as grazas a o gran equipo que hai en servizos sociais, xa que está facendo un traballo perfecto. Manifesta o Sr. Alcalde que lle resulta vergonzoso que o grupo municipal do PP saquen unha nota de prensa, xa que a única verdade que se di nesa nota de prensa é que a agrupación que lidera é a do ex alcalde José Luis Fernández Mouriño, é a única verdade que se di, xa que, continua o Sr. Alcalde o resto son todo mentiras.

Explica o Sr. Alcalde que en ningún momento o Consello de Carral negou a existencia de un pleno extraordinario, indica o Sr. Alcalde que o único que fixo o Concello de Carral foi dicir que para a semana seguinte habería un pleno ordinario e que se podía evitar gastos, é dicir que ese pleno extraordinario fose na orde do día do ordinario. Continua o Sr. Alcalde dicindo que o grupo municipal do PP non contestou para nada, pero, indica o Sr. Alcalde que na nota de prensa dixeron, “ Que o partido do goberno local rechaza a súa celebración”. Indica o Sr. Alcalde que isto é mentira, pero como esa mentira hai máis, manifesta o Sr. Alcalde dicindo que ten todas as mentiras punteadas e invita aos concelleiros/as da oposición a velas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Para rematar a súa intervención o Sr. Alcalde dí que non ten máis nada a que dicir, que se a oposición ten algo que propoñer que o fagan, se teñen algo que preguntar contestaráselle se poden e se non deberano facer por escrito e contestaráselle. Continua dicindo o Sr. Alcalde que ve unha unha imprudencia pedir un pleno extraordinario para isto, xa que cando o grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Carral acadaron a Alcaldía había catro empresas facendo o servizo de axuda no fogar, manifesta o Sr. Alcalde que era unha auténtica pena, tívose que contratar unha empresa ponte para saír do paso, mentres se facía o prego, como hai que facer e ter ben atendido o servizo mentres tanto. Agora mesmo, continua o Sr. Alcalde, está feita unha prórroga e, estase volvendo a elaborar outro prego.

Finaliza o Sr. Alcalde que está a señora Núria Aradas Carollo, traballadora social dos servizos sociais, que contestará as dúbidas todas que teñan, Volve a insistir o Sr. Alcalde que as dúbidas/preguntas que sexan convintes respostaranse no Pleno e as que non de tempo deberan facelas pro escrito e se lles contestarán.

Concede a palabra o Sr. Alcalde á Sra Patricia Blanco concelleira do grupo mixto do PsdG.PSOE .

Intervén a Sra. Blanco Fidalgo para comentar en primeiro lugar, entregar o servizo máis importante que presta o concello como arma arboladiza non lle parece, á Sr. Blanco, que sexa útil nin para as persoas usuarias nin para os traballadores. Continúa a Sr. Patricia dicindo que é un servizo, dende o seu punto de vista, suficientemente importante como para estar toda a corporación a unha, aportando ideas, solucións, etc Indica a Sr. Blanco que incluso canso se saiban incidencias das que teñamos coñecemento, de cara a mellorar o servizo, e con isto o benestar tanto das persoas usuarias como das traballadoras, porque nos olvidamos que nos servizos sociais hai persoas traballadoras e tamén hai usuarios/as. Que non é parte da solución, é parte do problema, en xeral. O que tería que facer a partido popular de Carral, como así fixo, PSDG e cónstalle ao Goberno Municipal é esixirlle á Xunta de Galicia que aumenta o financiamento, xa que, indica a Sr. Patricia que a Xunta de Galicia ten o costume de aumentar as competencias dos concellos pero non aumenta a súa financiación. Indica a Sr. Patricia que a Xunta lle di ao concello que ten que dar máis horas de axuda no fogar, pero a Xunta non actualiza prezos, non actualiza a súa aportación económica. Manifesta a Sr. Patricia que, se non se equivoca foi no mes de xuño cando a Xunta aumentou as horas pero os prezos seguen sendo os mesmos que os do ano 2022, e os mesmos que no 2021 e incluso no 2020. Indica a Sr. Patricia que debido á inflación, os prezos aumentaron pero a Xunta de Galicia non aumentou os prezos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua dicindo a Sra Patricia que nunha conversación informal que tivo ela co Sr. Mouriño, este lle preguntou que por que votara a favor da prórroga do contrato de Axuda no Fogar. Resposta a Sra Patricia dicindo que ela prefere aumentar esa prórroga e non que o servizo esté en precario, como estivo cando estaba o grupo Popular no goberno.


Indica a Sr. Patricia que si todo o que di o grupo municipal do PP, pregunta por que o Partido Popular de Carral non esixiu que se presentara e que saíra a concurso, cando sabía que se iba a rematar o contrato. Manifesta a Sr. Blanco que este informe debe servirnos como un “tirón de orellas”, a Sra Blanco manifesta que ela entende que esta foi unha inspección rutinaria da Xunta de Galicia, que é algo que a Xunta fai en todos os concellos, recoñece a Sra. Blanco que hai moitas incidencias, pero a maioría delas son temas burocráticos. Manifesta a Sra. Blanco que si é verdade que dúas persoas que están en lista de espera, espera a Sra. Patricia que desde o mes de outubro que se fixou esta inspección, esas persoas xa non estén nesa lista de espera.

Manifesta a Sra. Patricia que este informe debe servir a todos, ás 12 persoas que están presente no Pleno para optimizar o servizo, na medida en que a Xunta de Galicia o permita economicamente, xa que mentres a Xunta non poña mais cartos o servizo non vai poder mellorar. Indica a Sra. Blanco que poderá mellorar en tanto á xestión pero, dende logo, isto supón un problema moi importante para todos os Concellos. Indica a Sra Patricia que así se fixou, e o Sr. Mouriño o saberá, na Deputación da Coruña, que tamén se pide sempre cada vez que a Xunta de Galicia lle dá máis competencias. Os concellos din que queren as competencias pero hai que financiálas, xa que senón dan mais cartos os concellos non o poden asumir.

Para rematar a Sra. Blanco di que lle parece que calquera das incidencias que hai na acta de inspección son solventables, agás as dúas persoas en lista de espera. Aínda así, continua a Sra. Blanco non lle parece xustificable facer un pleno extraordinario por isto, que se podería facer de dous xeitos, ben incorporando no punto da Orde do Día do pleno ordinario ou ben facendo un pleno extraordinario o mesmo día de xeito que aquí habería persoas que non cobraríamos por estar aquí. Da as grazas a Sra. Patricia.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño voceiro do grupo municipal do Partido Popular .

O Sr. Mouriño delega a súa palabra na concelleira Sra. López Pérez do mesmo grupo municipal.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Manifesta a Sra. López que se se fixera todo o que di o Grupo de Goberno, non habería unha inspección e unha acta na que esta inspección se califica de grave por parte dos técnicos da Xunta de Galicia. O grupo municipal do Partido Popular viuse obrigado a solicitar este pleno extraordinario o 11 de decembro, ante a grave situación do Departamento de Servizos Sociais. Indica a Sra. López que o equipo de goberno non quería que se celebrase dito pleno, e reitera a Sra. López que foi a secretaria a que se viu obrigada a convocalo. Continua dicindo a Sra. López que en reiteradas ocasións, nos plenos, o grupo municipal do PP preguntou ao grupo de goberno sobre o estado dos maiores, se había lista de espera, e, a contestación do grupo de goberno sempre foi a mesma “Todo funciona perfectamente, non se consta ningún tipo de reclamación nin ningún tipo de queixa”. Indica a Sra. López que nada mais lonxe da realidade, ao grupo municipal do PP si lles chegan moitas queixas de veciños/as encabuxados pola mala xestión e pola falta de control do grupo de goberno.

A continuación, indica a Sra. Isabel vailles detallar algúns exemplos para que o grupo de goberno teña constancia de isto: en varias ocasións se perdeu documentación da xente, tanto do propio concello como de outras administración, chegando, nalgúns casos a ter que tramitar a lei de Dependencia dende o principio, facendo perder un tempo moi valioso, de mais de un ano. Outro exemplo, continua a Sra. López sería que unha vez iniciado calquera tipo de trámite, a familia/usuario/a espera, se cadra, uns meses para chamar ao concello, para interesarse sobre o estado do seu expediente, dende servizos sociais indícaselles que non se preocupen, que estén tranquilos, que o expediente está na Xunta de Galicia. E, indica a Sra. Isabel, a sorpresa ven despois, cando a documentación non chegou a saír do propio concello, pregunta a Sra. López porque permiten que se maree deste xeito á xente. Continua, a Sra. López Pérez, con outro caso moi concreto dicindo que nunha casa hai un usuario, que pola súa condición física necesita dúas auxiliares para a súa correcta atención, as auxiliares que acudiron a esa casa así o manifestaron e o transmitiron á empresa. Indica a Sra. Isabel que a familia o comunicou ao concello e que o concello non fixo nada ao respecto, e esa familia e usuario levan con isto dende hai un ano.

Pregunta a Sra. Isabel por que as traballadoras de axuda a domicilio de Carral teñen que ir a outros concellos e facer horas, como Abegondo ou Cerceda para complementar a súa xornada laboral. Indica a Sra. Isabel que non fai falla que o equipo de goberno lle conteste, que ela mesma se contestará. Segue preguntando a Sra. López porque non se dan altas novas, á Sra. Isabel cónstalle que a raíz da mencionada inspección, o equipo de goberno empezou a “poñerse as pilas” e deron algunha alta de usuarios/as nova. Menciona a Sra. López



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Página web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


que é moi triste que teña que facerse un pleno que, forzou o grupo municipal do PP e unha inspección da Xunta para que fagan o seu traballo.

Segue a preguntar a Sra. Isabel porque non se avisa aos usuarios/as cando hai un cambio de horario ou cambio de traballadora de axuda no fogar, ou que en días festivos, por exemplo, se adiante ou se retrase o horario de ir ás casa dos/as usuarios/as, ocasionando malestar nos usuarios/as. Pregunta a Sra. López por que non se deixa unha copia do proxecto nas casas dos usuarios/as, xa que sexa folla, como ben sabe o grupo de goberno ou debería saber, aparece o nome comprobante da auxiliar, as tarefas a realizar. En ocasións, indica a Sra. López pasou mais de unha, dúas e tres veces que chegou unha auxiliar nova a un domicilio e non sabía que tarefas tiña que desempeñar, deste xeito, continua a Sra. Isabel que así non se pode ser eficiente, se non se conta con toda a información.

Manifesta a Sra. López Perez que agora se centrará na inspección que levou a cabo a Xunta de Galicia o 27 de outubro do ano pasado, no que emitiron, os técnicos da Xunta, un informe de seis follas que recolle deficiencias moi graves. O grupo de goberno, indica a Sra. Isabel, cansouse de presumir da contratación de mais persoal de apoio para o departamento de servizos sociais. Recorda a Sra. López que o Sra. Mouriño, portavoz do grupo municipal do PP, en varios plenos, lle pediu ao grupo de goberno que non escatima en esforzos nin cartos para contratar a mais persoal para dar unha atención axeitada á xente. E, continua a Sra. Isabel dicindo ¿ Que fai o grupo de goberno? Resposta a Sra. López, todo o contrario, houbo unha auxiliar administrativa que estivo de baixa e non foi cuberta por ningunha traballadora, unha traballadora social que estivo de baixa e tardaron uns catro meses en cubrir dita baixa médica. Deberían saber, indica a Sra. Isabel que cando é unha baixa de máis de un mes teñen que contratar unha persoa automaticamente para que non merme atención á xente. Pero isto non no fixeron, insiste a Sra. López, como sempre fan o que lles da a gana.

Por outro lado, continua a Sra. Isabel facturáronse mais horas das que realmente se fixeron a varios usuarios/as, coñezo casos de primeira man, insiste a Sra. López, nos que se chegaron a facturar 600 € de mais. Aquí, explica a Sra. Isabel, non se lle pode votar a culpa á empresa A0 Mayores SL, o concello é quen emite os recibos e é o responsable directo, outro indicativo mais de descontrol, matiza a Sra. López.

Continuando co que se dí no informe emitido pola Xunta, a Sra Isabel indica que neste informe consta que hai cinco traballadoras do servizo de atención no fogar que non ten a formación necesaria para desempeñar o seu posto. Pregunta a Sra. Isabel ¿que criterios seguen para a súa contratación? Insiste a Sra. López que non



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Ile boten a culpa á empresa xa que os responsables directos son o equipo de goberno, son responsables de que se cumpra toda a normativa.

Outro exemplo, continua a Sra. López e o dun veciño que ten recoñecida na PIA, Programa individual de atención, de 46 a 70 horas mensuais, e está a percibir de 13 a 22 horas, non consta ningunha documentación de que a familia teña pedido redución de horas, pregunta a Sra. Isabel ¿por que pasa isto? xa que non o entende ninguén.

Continua a Sra. Isabel dicindo que outra grave deficiencia que recolle o informe da Xunta resulta ser que hai unha lista de espera, indicando dito informe que hai 233 horas dispoñibles e a Xunta indica, claramente, que os servizos sociais teñen que proceder a dar altas. Manifesta a Sra. Isabel que ese problema xa o tiña advertido o grupo municipal do PP nos anos 2021, 2021, 2022 e 2023 e o equipo de goberno sempre devolver un gran número de horas, por non querer xestionalas, e redunda a Sra. López dicindo que os concellos arredor están encantados de recibir esas horas, xa que eles si lle dan prioridade a atender ben á xente, todo o contrario que aquí, xa que os servizos sociais, pese á charla que o Sr. Alcalde nos expuxo ao comezo deste pleno fan augas por todos os lados.

Pregunta a Sra. López Pérez ¿por que non se cumpren as revisións periódicas nos domicilios? O equipo de goberno debe saber que teñen que ser como mínimo cada dous meses, sinala a Sra Isabel. Indica a Sra Isabel que lles vai dar datos exactos dos tres últimos anos: no ano 2021 foron a domicilios o 5 de febreiro, o 28 de outubro e o 28 de decembro. No ano 2022, foron a domicilios o 22 de febreiro e o 9 de xuño, dúas revisións en un ano, cando teñen que ser mínimo seis revisións. No ano 2023 foron a domicilios o 11 de xaneiro, o 30 de marzo, o 7 de agosto e o 4 de outubro. Pregunta a Sra. Isabel se o equipo de goberno cree que desta maneira se pode facer un seguimento fiel aos veciños? A Xunta de Galicia, continua dicindo a Sra. López, di, claramente, que as revisións teñen que cumprirse e culpan directamente a responsable técnica, solicita a Sra. Isabel que tomen as medidas oportunas para que isto non volva a acontecer.

Continua a Sra. Isabel sinalando outro despropósito máis que aparece na inspección onde se atoparon casos onde non se corresponde o que aparece no expediente coas tarefas que ten que realizar a traballadora do servizo de axuda no fogar. No expediente, indica a Sra. López, aparece que a traballadora ten que vestir e desvestirse ao usuario/a, apoiálo no desprazamento e hixiene persoal e, continua a Sra. López, resulta que as únicas tarefas que desempeña a traballadora son tarefas domésticas. Insiste a Sra. López ¿Quen controla iso?



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Resposta a Sra. Isabel que se non se fan as revisións, sin previo aviso, como se teñen que facer, non se pode ser coñecedor de que se fan outras cousas totalmente distintas.

Continua a Sra. Isabel con outro caso un veciño de Carral que ha tivo unha luxación de cadeira, unha persoa de idade avanzada, estaba esperando tres meses e medio por unha traballadora social o fora a ver, desgraciadamente, apareceron na súa casa o día que faleceu. Isto, insiste a Sra. Isabel parécelles, ao grupo municipal do PP moi grave.

Continua a Sra. Isabel dicindo que están chegando a casas cartas certificadas da Xunta de Galicia onde lles piden información aos usuarios/as sobre se se cumpren as revisións e a atención é axeitada, o equipo de goberno verá por que o fan, se fixeran todo ben, non creo que a Xunta remitira esas cartas.


Indica a Sra. Isabel que para intentar enmendar todas as deficiencias que a Xunta plasmou nun acta tiñan un prazo de 20 días. Aínda así, continua a Sra. Isabel o concello pediu unha prórroga. Pregunta a Sra. Isabel ¿Xa contestaron á Xunta?, ¿Emendaron todas as carencias? Recorda a Sra. Isabel que a secretaria foi moi clara advertindo ao equipo de goberno que se non se cumpren os requisitos esixidos non se pode continuar coa prórroga da empresa que está dando o servizo do SAF.

Remata a súa intervención, a Sra. López, dicindo que o grupo municipal do PP trouxeron información detallada, concisa, casos reais, nada de demagogia, isto é unha mínima parte do que está ocorrendo en Carral. Indica a Sra Isabel que teñen coñecemento de moito mais e só espera que despois de escoitar todo o exposto o equipo de goberno reflexione e “tome cartas no asunto”. Insiste, a Sra. López en que o equipo de goberno se debería preocupar de dar atención axeitada aos maiores. Resalta a Sra. Isabel que o grupo municipal do PP seguirán pendentes de todo o que suceda ao respecto.

O Sr. Alcalde da as grazias a Sra. Isabel e dille que foi unha exposición preciosa

Resposta a Sra Isabel dicindo que se alegra de que lles gustara xa que esta é a realidade e non a que o equipo de goberno di. Indica a Sra. Isabel que pode dicir mais datos, que se os queren darallos.

Intervén o Sr. Alcalde para dicirlle que como xa rematou a súa exposición agora, a esa realidade, vai a contestar a responsable de Servizos Sociais.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Intervén a Sra. Aradas Carollo, traballadora social do concello, dicindo que tería moito que dicir pero non sabe por onde empezar. Do que se expuxo aquí, indica la Sra Aradas, vou comentar primeiro pola inspección A inspección lévase facendo dende hai varios anos, dende o 2000.

Pregunta o Sr. Mouriño se se lle permite unha cuestión de orde.

Resposta o Sr. Alcalde que non, que está a falar a Sra. Nuria.

Insiste o Sr. Fernández Mouriño en que é un tema de cuestión de orde, indica o Sr. Fernández que o deben de escoitar xa que eles solicitaron o pleno e os plenos están compostos de concelleiros/as, da Corporación.

Resposta o Sra. Alcalde que foi el quen deu a autorización de que falase a encargada o servizos sociais, indica o Sr. Alcalde que é unha decisión del.

Indica o Sr. Mouriño que a encargada de servizos sociais podería falar nunha comisión informativa


O Sr. Alcalde insiste en que é unha decisión del que a encargada de servizos sociais fale neste pleno e indícalle ao Sr. Mouriño que ten que estar calado.

Manifesta o Sr. Mouriño que o Sr. Alcalde e a concelleira non se ven competentes para poder contestar a todo o dito anteriormente e ten que recorrer aos informes dun técnico e que se defenda o técnico. Insiste o Sr. Mouriño que o pleno non é o lugar para un técnico.

O Sr. Alcalde indícalle ao Sr. Fernández Mouriño que faga o favor de calar, É o primeiro aviso, que non está no quenda de palabra, sinala o Sra. Alcalde que se non quere calar que se vaia o Sr. Mouriño

Resposta o Sr. Mouriño que el non se vai a ningún lado

O Sr. Alcalde solicítalle á Sra. Aradas que continúe cosa súa exposición.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua a Sra. Nuria dicindo que con respecto a inspección, non é nada extraordinaria, xa que estas inspeccións a consellería as está facendo nunha media de dous ou tres anos. Indica a Sra. Aradas que ela por mais que lee e releo non ve ningún tivo de infracción grave no acta da Xunta de Galicia xa eu senón, sinala a Sra Nuria, os técnicos da Xunta llo houberan advertido. Manifesta a Sra. Aradas que tal e como están tipificadas as fraccións pódese incorrer en infraccións, pero non graves. Indica a Sra. Aradas que infraccións graves as tivemos no momento cando non había un contrato de empresa de SAF, esas eran infraccións graves, sinala a Sra. Nuria.

Continua a Sra. Aradas, dicindo que se vai a limitar a explicar como está a situación, agora mesmo, a nivel técnico. Indica a Sra. Nuria que as incidencias que ven recollidas na acta da Xunta, efectivamente, son incidencias, que foron enmendadas de forma administrativa, é dicir, indica a Sra Aradas, tema de seguimentos, que o día que estivo a inspectora en Servizos sociais, por circunstancias persoais, non estaba ningunha das dúas traballadoras sociais. Isto quere dicir, indica a Sra Aradas, que a técnica que atendeu á inspectora foi a educadora social e ela non ten acceso a plataformas como o SIGAD, que é o sistema galego de atención á dependencia, tampouco ten acceso ao CIUS que é o sistema de usuarios/as de atención de servizos sociais. Sinala a Sra. Nuria que a consecuencia disto houbo información, que evidentemente queda na acta recollida, simplemente porque a compañeira non tiña acceso. A inspectora, lóxicamente, indica a Sra. Aradas, recolle na acta que non ten acceso á documentación que pediu.

Manifesta a Sra. Aradas que con respecto ás horas de axuda a domicilio que estaban nese momento pendentes de asignar, indica a Sra Aradas que a Xunta todos os mércores actualiza as listas do sistema galego de atención á dependencia. Continua a Sra. Nuria insistindo que a esa plataforma so poden acceder as traballadoras sociais exclusivamente. Indica a Sra. Nuria que as traballadoras sociais, todos os mércores abren a plataforma e ven as persoas que a Xunta puxo nesa lista para que as traballadoras sociais podan asignar o servizo.

Continua a Sra. Nuria dicindo que posteriormente a esa inspección, saíron unhas cantas listas, habería que contar unha por semana, e xa se foron asignando, pódese falar de al menos oitos servizos mais. Indica a Sra. Nuria que a realidade agora mesmo é que hai horas libres de dependencia, hoxe mesmo, mércores, temos a lista de usuarios/as e o concello de Carral ten agora mesmo 120-140 horas dispoñibles para prestar aos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

usuarios que están esperanto. Pero, pregunta a Sra. Nuria, ¿Por que non se poden prestar estas horas? Pois porque eses usuarios/as non teñen resolto o PIA, resposta a Sra. Aradas.

Manifesta a Sra. Aradas que dende o departamento de servizos sociais sí saben e teñen unha relación de persoas con grado 3, e grado 2 que ocuparían esas horas e bastantes mais, esas persoas foron valoradas, pero non lles resolveron o PIA, nin tan sequera está asinada a resolución, é dicir, continua a Sra. Nuria, a xente que a valoraron no mes de novembro, as traballadoras sociais accedemos ao seu expediente e falta a sinatura da resolución, sinala a Sra. Aradas que isto pode tardar tres meses, e a falta a resolución do PIA poden ser outros tres ou outros seis. Insiste a Sra. Aradas que isto non é un problema do concello, é un problema doutra administración.

Continua dicindo a Sra. Nuria que como empregada pública, e como o interese que teñen en que os *veciños* solucionen os seus problemas, esta aquí para Apoiar aos veciños . Indica a Sra. Aradas ao Sr. Mouriño que como el sabe leva aquí moitos anos e a Sra. Nuria non vai permitir que dubide dela ou que poida dudar, pero, sinala a Sra. Aradas vai poñer publicamente a súa capacidade de traballo. Outra cosa, indica a Sra. Aradas, son as dificultades que poidan haber entre as administracións.

Explica a Sra. Nuria que existe colaboración entre as administracións e entre os empregados públicos, e os empregados públicos que se preocupan polos veciños/as, levantan un teléfono, envían un correo electrónico, contactan co xefe de servizo, ou con outra persoa, porque, por exemplo, hai unha persoa que ten un grado 3, que necesita que se lle atenda os sábados e domingos. A esa persoa aténdese directamente, é dicir, continua a Sra. Aradas, dende o sistema de libre concorrência, que como o Sr. Mouriño sabe, indica a Sra. Nuria, libre concorrência non se presta sábados, domingos nin festivos. Dende o departamento de servizos sociais, sinala a Sra. Nuria, inténtase que se axilicen os procedementos, pero non podemos facer mais. Con isto, dí a Sra. Aradas contesta a como está a situación de Dependencia e da axuda a domicilio, en xeral, nestes momentos. Insiste a Sra. Nuria que o concello si ten horas dispoñibles, por eso ao final de anos nos sobran horas en Carral, o concello ten 1765 horas asignadas en dependencia, pero estas 1765 horas non se poden prestar todas, xa que non hai xente para poder asignarllas, xa que están pendentes de resolución, é como o Sr. Fernández Mouriño sabe, indica a Sra. Aradas, os procedementos na Xunta están tardando un ano e ano e medio, aínda que é certo que co novo decreto que acaba de aprobar, sinala a Sra. Aradas, os



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

precedementos non van durar mais de seis meses. Indica a Sra. Aradas que a nivel técnico, é todo o que pode dicir, todas as situacións, as casuísticas que comentaba anteriormente a Sra. Nuria, son casuísticas persoais

Continua a Sra. Nuria dicindo que no Departamento de Servizos Sociais, nos últimos anos, afortunadamente, non tiveron ningunha reclamación, pero si hai algún desacordo, ou algunha incidencia, dende servizos sociais sempre se lle recomenda á xente que veña ao Concello e o denuncie, isto quere dicir, indica a Sra. Aradas que o concello se coordina coa empresa e se hai algunha incidencia, hai unha coordinación ente a empresa e o concello. A día de hoxe, indica a Sra. Nuria que de todos os usuarios que se atenden no departamento de servizos sociais, non teñen ese tipo de incidencias que comenta o grupo municipal do PP. Indica a Sra Nuria que ela non se sente responsable de que unha persoa esperase tres meses polo servizo e falecera antes de acceder a el.


Manifesta a Sra. Isabel que por non ir a ver a esa persoa de idade avanzada que tiña unha luxación de cadeira.

Insiste a Sra. Aradas para dicir que ela non se sente responsable.

Indica a Sra. Isabel que debería sentirse responsable, xa que pasou mais veces.

Intervén o Sr. Alcalde para dicirlle á Sra. Isabel que non ten quenda de palabra.

Insiste a Sra. Aradas que non cree que os Servizos sociais sexan responsables de que unha persoa morra na súa casa, porque esté sen atender. Indica a Sra. Aradas que non ten esa información e non quere falar de casos persoais, é unha cuestión de ética persoal e profesional, sinala a Sra. Nuria, aínda que, evidentemente, manifesta a Sra. Aradas ela pode garantir que situacións de urxencia que se comunican aos servizos sociais, que están coordinados co Hospital, altas hospitalarias, situacións de urxencia non queda unha sen atender ben, outra cousa, matiza a Sra. Nuria é que se valora unha situación de urxencia médica de apoio na casa e se valore medicamento os coidados, pero depois hai que ver a situación de cada persoa, cada familia, non é o mesmo unha persoa que non teña apoio familiar, que non teña ingresos que lle permitan pagar é dicir, hai unha valoración técnica, insiste a Sra. Nuria. Agora mesmo, di a Sra. Aradas, situacións de urxencia non quedan sen atender, tivéronse varias en servizos sociais, o da persoa coa luxación de cadeira, á Sra. Aradas, non lle soa. Insiste a Sra. Aradas que sente moito que esa persoa falecese pero os servizos sociais non son responsables disto. A Sra. Aradas agradece a atención.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Intervén a Sra. Blanco para facer unha apreciación despois de escoitar á concelleira do grupo municipal do PP. Igual que en outros casos, indica a Sra. Patricia, como por exemplo na depuradora, no tema das augas, o Sr. Mouriño tendeu a man e díxolle ao Sr. Alcalde que o acompañaría as distintas administracións públicas, e, continua dicindo a Sra. Blanco, todas as incidencias que comentou a concelleira do Partido Popular, á Sra. Patricia lle consta que moitas veces as persoas beneficiarias destes servizos non son capaces, non teñen capacidade, polo motivo que sexa para trasladar ao concello, de maneira formal as incidencias que poida haber.

A Sra. Blanco opina que neste tema, todos deberían estar a unha e calquera das incidencias das que se teña constancia comunicarllo directamente ao Sr. Alcalde e se non se confía en que o Sr. Alcalde o vaia a enmendar presentalo por rexistro. Porque nese momento ao mellor esa persoa non sabe como presentar unha queixa, moitas veces pasa isto. Pero cando hai que trasladar unha reclamación formal, indica a Sra. Patricia, a xente parece que lle queima o bolígrafo nas mans. Indica a Sra. Blanco que con isto non está defendendo nin a Alternativa dos veciños nin a ningún, insiste a Sra. Patricia que ela está defendendo, basicamente, aos funcionarios/as.

Intevén a Sra. Nuria para dicir que todas maneiras cando dende o concello se da un alta, sempre se informa á familia que calquera queixa, Calquera problema que houbera o comuniquen aos servizos sociais, xa que os servizos sociais necesitan sabelos, xa que, insiste a Sra. Aradas, se a xente non nos di os problemas que hai, para o departamento de servizos sociais todo funciona ben, e pode haber problemas, pero se no lo comunican, non o podemos saber. Tamén, continua a Sra. Nuria hai que discenir que é un problema e que non. Por exemplo, un problema pode ser algunha queixa que non está fundamentada. Continua a Sra. Nuria dicindo que vai a poñer un exemplo anecdótico para dar un pouco de humor ao asunto: En servizos sociais tiveron unha queixa porque unha auxiliar non se metía na ducha co señor para duchar. Sinala a Sra. Aradas que isto é unha queixa que non está fundamentada evidentemente. Indica a Sra. Aradas que hai outros problemas que se poden solucionar, usuarios/as con dúas auxiliares, hai que ter en conta que o servizo de axuda a domicilio, é un servizo de apoio ás familias, é un servizo de apoio que cubre as necesidades do cidadá na medida en que é posible. Continua a Sra. Nuria dicindo que cando a axuda a domicilio non cubre e a familia non pode apoiar o cuidado do usuario/a, entón, talvez, non é o recurso idóneo. Sinala a Sra. Aradas que ao mellor, o recurso idóneo teña que ser outro. Continua la Sra. Aradas dicindo que en servizos sociais tiveron algún caso no que, efectivamente,prestouse o servizo con dúas auxiliares, neste caso fíxoo a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

empresa voluntariamente, por queixas da familia. Pero, sinala a Sra. Aradas, se a esa persoa selle prestan dúas auxiliares os costes dispararíanse. Pero, continua a Sra. Aradas iso é outro tema. No domicilio do que se está a falar, a empresa que ten o Concello contratada facilitóulle unha grua, despois outra grúa, prestáronse todo tipo de axudas técnicas, prestouse apoio e o asesoramento dun fisioterapeuta, que era necesario nese domicilio para ver como as auxiliares podían manexar a esta persoa e que non fose un problema para o seu risco laboral, etc. Con isto, sinala a Sra. Nuria, quero dicir que hai domicilios que son máis mais complicados porque a situación médica é máis complicada, e o que se debería de cuestionar é se a axuda a domicilio é o recurso idóneo nestes casos.

Continua diciendo a Sra. Aradas que non sabe se lle entenderon o que quixo explicar.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á Sra. Mantiñán.

Intervén a Sra. Mantiñán para dicir que casi todo o que tiña que respostar respostouno a Sra. Patricia, mais ou menos, pero si lle gustaría dicir ao grupo popular que a notificación do Pleno extraordinario é “Analise da situación do Servizos sociais no Concello de Carral en relación con os distintos programas” A isto, di a Sra. Mantiñán, xa respostou o Sr. Alcalde. Iso foi o realmente pediu o grupo municipal do PP e o grupo municipal de Alternativa dos Veciños nunca se negou a dar resposta nun pleno a todos os veciños de Carral . Continua a Sra. Mantiñán dicindo que o grupo de Alternativa cree que o Pleno é o sitio perfecto para dar respostas aos veciños/as de Carral, da problemática, da situacións do Concello. Indica a Sra. Mantiñán que só a parte política coñece que por este pleno, como ben dicía a Sra. Patricia, estamos cobrando 700 € que dada a situación do Concello, que o Sr. Mouriño sabe mellor que nadie, debido a como deixaron o Concello, o grupo popular, hai catro anos. Sinala a Sra. Inmaculada que é unha irresponsabilidade tendo un Pleno na semana que ven o que se pode meter no punto do día principal. Continua dicindo a Sra. Mantiñán que en canto aos programas, a actualización dos programas e á situación actual dos programas quedou moi clara por parte da exposición que fixo o Sr. Alcalde, no referido á parte técnica, a técnica municipal, á que a Sra. Inmaculada agradece profundamente, xa que no día do Pleno está dando a cara, solicitado pola mesma que fala, xa que dí a Sra. Mantiñán que ela non se mete en como se xestionan os expedientes, dicindo a Sra. Inma que a ela se lle pode achacar a dirección do servizo pero ela non se mete en nada da xestión dos expedientes xa que as técnicas saben elas mellor como están eses expedientes.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Manifesta a Sra. Inmaculada que na parte do servizo, na parte total do servizo o que lle toca á Sra. Mantiñán, pode dicir que foron inspeccións da Xunta rutinarias. Indica a Sra. Mantiñán que ten, nese momento, as catro últimas actas de inspeccións, dúas das cales son de cando o Sr. Mouriño estaba como Alcalde. Con respecto ás dúas últimas actas de inspección, continua a Sra. Inmaculada, son do equipo actual do goberno, e contestáronse en tempo e prazo. Sinala a Sra. Inmaculada que a resposta da última acta se remitiu o día 19 de decembro, non hai nin un mes, contestouse a todo o que era solucionable pola parte da Administración, xa que hai cousas que se expoñen na acta que xa se dicían en actas nas que o Sr. Mouriño era Alcalde, por exemplo no 2017 por exemplo “facer unha ordenanza en emerxencia social”

Continua a Sra. Mantiñán dicindo que esta inspección para ela, aínda que o grupo popular lle quixera sacar as cores, sírvelle para mellorar o servizo, un servizo, indica a Sra. Inmaculada, que a día de hoxe está funcionando de maravilla, sí, pode haber queixas de veciños en bares, tabernas, onde o grupo municipal do PP queira pero polas canles oficiais do concello, isto é no Libro de entrada Rexistro Municipal do ano 2023 no hai ningunha sola queixa.

Manifesta a Sra. Inmaculada que para ela o servizo de servizos sociais é a arma perfecta en política, indica a Sra. Mantiñán que o Sr. Mouriño o sabe mellor que ningún porque por iso perderon as eleccións no ano 2019, porque as traballadoras do servizo estaban reclamando que non se lles abonaban os soldos, que había usuarios/as sen atender, iso, continua a Sra. Mantiñán en esta inspección que fixo a Xunta de Galicia non aparece, nin tampouco faltas graves ou importantes que se recollen da lei de servizos sociais de Galicia.

Asegura a Sra. Inmaculada que despois disto vai aprender a parte de recursos humanos, insiste a Sra. Inmaculada dicindo que a día de hoxe a situación dos servizos sociais en canto ao persoal foi reforzado o ano pasado cunha traballadora social mais, subvencionada polo POS e unha administrativa que remataron o contrato o 31 de decembro de 2023. Reitera a Sra. Mantiñán que, a día de hoxe, os servizos sociais están ao 100%.

En canto á facturación de horas, indica a Sra. Mantiñán, na modalidade de dependencia do mes de decembro realizouse unha rectificación das horas prestadas e cobradas ás persoas usuarias persoas usuarias onde houbo algunha discrepancia, polo tanto, quedaron emendadas as posibles diferencias que foron un erro da aplicación informática cibernética empregada na facturación dos servizos do Fogar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


Continua dicindo a Sra. Mantiñán que se cumpriron as indicacións realizadas pola inspectora recollidas na AFRA A 885-2023 á data actual, indica a Sra. Inmaculada, todas as persoas incluídas no listado do programa de recursos do SAF a excepción dunha, están dadas de alta no servizo de axuda no Fogar, como xa dixo a técnica, indica a Sra. Inmaculada.

Manifesta a Sra. Inmaculada que ela non vai a traer a un pleno casos particulares, pero estará encantada de explicarlles como funcionan os servizos sociais ao grupo popular, xa que a Sra. Mantiñán, cree que o grupo popular confunde urxencia e importancia. Indica a Sra. Inmaculada que para ela o importante son os servizos sociais, para ela a concellería mais importante dun concello son os servizos sociais, pero a urxencia valórana as técnicas, a concelleira non valora iso. Continua falando a Sra. Mantiñán dicindo que hai que ter en conta que a Xunta de Galicia tarda un ano en tramitar os expedientes.

Manifesta a Sra. Mantiñán que ela estaría encantada de pedir unha cita a servicios sociales da Xunta de Galicia e que o Sr. Mouriño a acompañase, poñendo como compromiso, indica a Sra. Inmaculada, de que, ao Concello de Carral lles financien a dependencia, ou un centro día e traer un centro de día para Carral, todo financiado pola Xunta de Galicia, e despois, continua a Sra. Inmaculada, vender que o centro de día veu para Carral grazas ao señor Mouriño. Indica a Sra. Inmaculada que se o Sr. Mouriño está disposto e se conseguen un centro de día, cun compromiso asinado, ou unha residencia como ten Cerceda para Carral, iso si financiado e despois solucionado pola Xunta de Galicia, ese sería a proposta da Sr. Inmaculada ao Sr. Mouriño.

Intervén o Sr. Mouriño para dicir que se nota que van a vir as eleccións ao Parlamento de Galicia, porque ve moito nerviosismo na portavoz do grupo socialista xa que todo o tempo carga as tintas contra a Xunta de Galicia, que pensa o Sr. Mouriño que a Xunta ten moita culpa xa que delega competencias nos concellos pero os cartos que veñen da xunta son poucos, xa que o que se está financiando agora, 13 €/hora é moi pouco e debería financiar mais porque os tempos cambiaron , e opina o Sr. Fernández que a Xunta financiará mais cartos.

Manifesta o Sr. Mouriño o seu ofrecemento á Sra. Mantiñan para acompañala a donde a Sra. Inmaculada considere oportuno pero indica o Sr. Fernández que el non é Conselleiro nin é nada para poder esixir un compromiso a ninguén xa que senón non faría ir a ningún lado nin a Concelleira nin el, con chamar por teléfono estaría arraxado.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Insiste o Sr. Fernandez dicindo que primeiro antes de pedir, hai que explicar as cousas claras e as necesidades é por suposto que os veciños e veciñas de Carral necesitan un centro de día, sinala o Sr. Mouriño, non un centro de animación de debuxos animados, e se tiveramos a oportunidade de ter unha residencia pois tamén nos gustaría ter unha residencia, sinala o Sr. Fernández, por suposto e que Xunta de Galicia financiara o 100% das horas de dependencia, e tamén se pediría que financiaran Centro de día e a residencia, agora ben, continua o Sr. Mouriño, el non sabe se a Xunta aceptará ou non pero indica o Sr. Fernández que contra o vicio de pedir está a virtude de non dar, pero o Sr. Mouriño pensa que se debe intentar e pedir todo o que se estime, volve a brindarse, o Sr. Fernández, para ir co Sr. Alcalde ou con calquera concelleiro onde crean oportuno e se dende o Partido Popular se conseguen cousas para Carral estarían encantadísimos. Insiste o Sr. Mouriño en que en varias ocasións se ofreceu ao Sr. Alcalde para ir a varios lugares pero o Sr. Alcalde non o considerou oportuno.

Continua dicindo o Sr. Fernández Mouriño que son 13 concelleiros e si van 12 que representan a mesma cousa seguro que os terán mais en conta. Manifesta o Sr. Mouriño que el garante que a partires de agora a Xunta de Galicia só tardará, como máximo, seis meses en resolver todos os temas de política social, sempre e cando, indica o Sr. Mouriño, a documentación esté remitida polo Concello de Carral.

Remata o Sr. Fernández Mouriño dicindo que no mes de novembro, houbo unha xunta de goberno e previo a iso houbo unha comisión informativa na que unha concelleira galaba dun informe relacionado cos servizos sociais xa que houbera unha inspección e había que prorrogar o contrato á empresa. Continua dicindo o Sr. Mouriño que no seguinte pleno ordinario o grupo municipal do PP solicitou información sobre ese tema e incluso solicitaron ver esa acta de inspección da Xunta e a contestación por parte do Señor Alcalde, indica o Sr. Fernández, foi que se pedira por escrito. Manifesta o Sr. Mouriño que ao día seguinte solicitaron dita documentación por escrito e como non contestaron, o día 11 de decembro, pensando o grupo municipal do PP que o equipo de goberno tiña algo que ocultar pediron un pleno extraordinario.

Indica o Sr. Mouriño que o equipo de goberno fala de que a inspección foi un mero trámite pero ata catro veces se dí que podemos incorrer en temas graves, por iso lle sorprende ao Sr. Mouriño o que día a técnica, xa que o grupo municipal non cuestiona ás técnicas, non cuestionan a súa vontade de querer facer as cousas ben, pero, insiste o Sr. Fernandez, para facer as cousas ben, hai que poñer celo en todo o que o grupo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

municipal do PP explicou neste pleno, indica o Sr. Mouriño que non se poden dar voltas á xente cando solicita unha cita coas traballadoras de servizos sociais.....


Continua dicindo o Sr. Fernández Mouriño que hai uns meses, o equipo de goberno cambiaron unha partida orzamentaria que había para emerxencia social, sobre uns 40 mil euros de emerxencia social e destinaron eses cartos ao arranxo de estradas, indica o Sr. Mouriño que dende o grupo municipal do PP indicóuselles que o destinaran á contratación de mais persoal para servizos sociais, pero o equipo de goberno decidiu, igualmente, pasalo a obras.

Manifesta o Sr. Mouriño que esa partida que estaba en emerxencia social poderíase usar para contratar a mais persoal de servizos sociais e así o día que a inspectora da Xunta veu a servizos sociais non pasaría o que pasou (que faltaban as dúas, traballadoras sociais e só estaba a educadora social, tampouco estaba a auxiliar administrativa, polo tanto só había unha persoa e ela non sabía responder a moitas das cousas porque esa non era a súa laboura).

Sinala o Sr. Mouriño que o tema de servizos sociais é algo moi delicado, xa que as persoas que van a servizos sociais van con certa vergoña por ter que pedir algo do que realmente necesitan, van con temor a como lles contesten e aínda encima, filtran as citas e dan citas cando lles dá a gana, cando realmente o que se necesita é máis persoal.

Indica o Sr. Mouriño que a Sra. Concelleira de servizos sociais dixo que o grupo municipal do PP deixou o concello arruinado e, sinala o Sr. Fernández que iso non é así para nada, que a Sra. Interventora está presente e podeo dicir, en todo momento, a Sra. Interventora informou os orzamentos que o grupo municipal do PP levou a cabo, o grupo municipal do PP so tivo unha limitación orzamentaria nos anos 2012 e 2013, cando estaba o Sr. Montoro, pero despois fixéronse os orzamentos todos os anos con maioría absoluta, pregunta o Sr. Mouriño ao Sr. Alcalde porque se o equipo e goberno ten maioría absoluta dende hai uns meses non se fixo o orzamento do ano 2024.

Intervén o Sr Alcalde para dicirlle ao Sr. Mouriño que por favor fale da situación actual dos servizos sociais, que é do que se veu a falar neste pleno.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continua o Sr. Mouriño dicindo, que a situación actual dos servizos sociais é que requiren por suposto, máis persoal ou máis cualificado en todo o caso, é unha vez que se teña máis persoal terá que estar que contrastado, por eso falaba, o Sr. Mouriño, dos orzamentos.

Pregunta a Sra. Isabel se pode respostar por alusións.

O Sr. Alcalde négalle a palabra á Sra. López.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as 13 horas e 03 minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

Secretaría Xeral, REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Vº Prace

O Alcalde , FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE